

# NUMAX NA ESCOLA 2020/2021



## EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para cursos de educación secundaria e bacharelato. Unha proposta ampla e variada, con obras seleccionadas e premiadas en festivais internacionais, que agrupamos por eixos temáticas para unha doada adaptación ás necesidades curriculares do profesorado.



Incorporacións ao catálogo para o curso 2020/21

- 📄 **Antes da sesión** farase entrega ao profesorado de **materiais didácticos** (unidades didácticas, actividades, making off, trailers, etc.) que faciliten o traballo na aula antes e despois da sesión.
- 🗣️ O día da sesión **habrá unha presentación en sala** do filme a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas
- 💎 **Prezo: 4€ por alumno/a**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.



## Arte, cinema e literatura

### CARAS E LUGARES

Agnès Varda / JR, 90 min, Francés, VOSE

A mítica cineasta Agnès Varda e o fotógrafo JR percorren a xeografía francesa en furgoneta co obxectivo de coñecer xente coa que intercambiar ideas e de paso fotografar.

🏆 Nomeado aos Oscar

📌 Nouvelle Vague / Cinema e fotografía



### O PRINCIPIÑO

M. Osborne, 2015, 106 min, Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

🏆 Mellor Filme Premios Annie / Sección Oficial Cannes

📌 Espírito de superación / Autocoñecemento / O valor das pequenas cousas



### BUÑUEL EN EL LABERINTO DE LAS TORTUGAS

Salvador Simó Busom, 86 min, Español, VO

Filme sobre a rodaxe na rexión extremeña de Las Hurdes, a cargo do mestre Luis Buñuel, da mítica película *Las Hurdes, tierra sin pan*, de 1933.

🏆 Mellor Banda Sonora Málaga

📌 Historia do Cinema / Adaptación cómic




## Educación en igualdade

### A CANDIDATA PERFECTA

Haifaa Al-Mansour, 101 min, Árabe, VOSE

Nora Al Awad Maryam é unha médica talentosa de Arabia Saudí que, a pesar da súa alta cualificación debe gañar a diario o respecto de compañeiros e pacientes. Farta, decide presentar a súa candidatura ás eleccións.

📌 Empoderamento / Feminismo



### DEUS É MULLER E CHÁMASE PETRUNYA

Teona Strugar Mitevska, 100 min, Macedonio, VOSE

Cada mes de xaneiro nunha aldea de Macedonia o sacerdote guinda unha cruz ao río e centos de homes se lanza á auga por ela. quen se faga con ela terá garantida a boa sorte todo o ano. Pero desta volta a cruz cóllea unha muller: Petrunya.

📌 Feminismo / Sororidade / Comedia



### A BIBLIOTECA DOS LIBROS ESQUECIDOS

Rémi Bezançon, 100 min, Francés, VOSE

Unha moza editora descobre unha novela maxistral escrita por Henri Pick, un coñeiro xa falecido. Segundo a súa viúva, Pick xamais leu un libro e o único que lle viu escribir é a listaxe da compra.

📌 Paixón pola lectura / Investigación



### SUFRAxISTAS

Sarah Gravron, 106 min, Inglés, VOSE

Inglaterra, comezos do século XX. Maud é unha traballadora do téxtil que comeza a militar de xeito activo no histórico movemento sufragista.

🏆 Mellor Deseño de Producción Premios Cinema Europeo

📌 Sufragismo / Feminismo



### TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO

Xiana do Teixeiro, 71 min, Galego, VO

Tres reveladoras conversas con amigas, colaboradoras e estudantes de secundaria, permiten á directora artellar un discurso sobre o medo e a violencia cara ás mulleres.

🏆 Premio Screenly DocumentaMadrid

📌 Violencia de xénero / Empoderamento / Sororidade



### A FAMOSA INVASIÓ DOS OSOS EN SICILIA

Lorenzo Mattotti, 82 min, VOSE/VE

A historia de como os osos acaban invadindo Sicilia para recuperar o fillo perdido do Rei Oso é en realidade unha parábola sobre a colonización, a apropiación cultural e a utilización despótica do poder.

📌 Banda deseñada / Historia da arte



## Desenvolvemento sostíbel

### UNHA MULLER DA MONTAÑA

Benedikt Erlingsson, 101 min, Islandés, VOSG

Halla declara a guerra a unha industria local de aluminio. Está preparada para arriscalo todo con tal de protexer as Terras Altas islandesas, até que un inesperado orfo entra na súa vida.

🏆 Mellor Filme Lux Prize

📌 Activismo / Refuxiados / Ecoloxía




### GIRLHOOD

Céline Sciamma, 112 min, Francés, VOSG

Marieme séntese agobiada pola súa familia, a escola e a implacábel lei dos rapaces do barrio, nas aforas de París. Pero a súa vida muda cando coñece un grupo de mozas de espírito libre.

🏆 4 Nominacións Premios César

📌 Multiculturalidade / Violencia de xénero



### LOVING VINCENT

Dorota Kobiela / Hugh Welchman, 95 min, Inglés, VOSG

A historia dos últimos días de Vincent Van Gogh pintada a man, fotograma a fotograma, por centos de pintores de todo o mundo a partir dos cadros do artista holandés.

🏆 Mellor Animación Premios Cinema Europeo

📌 Primeiro filme da historia pintado ao óleo / Historia da Arte / Van Gogh

## Historia e presente

N!



### EL SILENCIO DE OTROS

Almudena Carracedo / Robert Bahar, 95 min, VO

Documental que relata a loita silenciosa das vítimas do longo réxime franquista na procura de xustiza.

👉 Memoria histórica / Franquismo



### OS MISERÁBEIS

Ladj Ly, 100 min, Francés, VOSG

Stéphane acaba de unirse á Brigada de loita contra a delincuencia na banlieu parisiense. Ali coñece a dous axentes que saben das enormes tensións que existen entre os grupos organizados polo control do barrio.

👉 Diversidade cultural / Desigualdade

## Clásicos

N!



### TEMPOS MODERNOS

Charles Chaplin, 89 min, VOSE, 1936

Extenuado polo frenético ritmo da cadea de montaxe, un obreiro metalúrxico acaba perdendo a razón. Despois de recuperarse nun hospital, sae e é encarcerado por participar nunha manifestación na que se atopaba por casualidade.

👉 Traballo en cadea / Solidariedade



### UN SACO DE BÓLAS

Christian Duguay, 100 min, Francés, VOSG

Durante a ocupación nazi en Francia, Maurice e Joseph son dous irmáns xudeus que deben abandonar a súa familia para se salvar. Adaptación do clásico da literatura xuvenil de Joseph Joffo.

👉 Premio Educacine Barcelona Film Fest

👉 Segunda Guerra Mundial / Antisemitismo

## Anime



### MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA

Mamoru Hosoda, 100 min, Xaponés, VOSE

Kun, fillo único e consentido de catro anos, sente que seus pais deixan de prestarlle atención cando nace a súa irmá Mirai. A versión adolescente de Mirai, que viaxa no tempo, faralle vivir grandes aventuras.

👉 Nomeado aos Oscar

👉 Viaxes no tempo / Fantasía



N!

### DÍA DE FESTA

Jacques Tati, 81 min, VOSE, 1949

O pobo de Saint Sève se dispón a celebrar unha gran festa. As rúas engalánanse e a terraza do café prepárase para o gran baile. Mentres reparte o correo, François tenta montar a cuchaña, pero só consegue provocar catástrofes.

👉 Vida rural / Festas patronais



### O OUTRO LADO DA ESPERANZA

Aki Kaurismäki, 98', Finés, VOSG

Khaled é un refuxiado sirio que chega de xeito clandestino ao porto de Helsinki na busca de traballo e do rastro da súa irmá, á que perdeu de vista fuxindo da guerra en Siria.

👉 Mellor Dirección Berlina

👉 Refuxiados / Dereitos humanos



### A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chega a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

👉 Oscar Mellor Filme Animación

👉 Obra mestra da animación mundial / A imaxinación ao poder



### O VENTO LEVÁNTASE

Hayao Miyazaki, 125 min, Xaponés, VOSE

Jiro Horikoshi soña con voar e deseñar fermosos avións. Curto de vista desde neno, e por tanto incapaz de voar, axiña se converte nun dos máis prestixiosos deseñadores aeronáuticos de Xapón.

👉 Nomeado aos Oscar

👉 Aeronáutica / Enxeñaría / Segunda Guerra Mundial




### KARL MARX DE MOZO

Raoul Peck, 112 min, Inglés-Francés-Alemán, VOSG

No París de 1844, tras exilarse, Karl Marx coñece a Friedrich Engels. Xuntos mudarán a historia política do movemento obreiro coa publicación d' *O manifesto comunista*.

👉 Historia política / Filosofía / Comunismo



### O CASTELO AMBULANTE

Hayao Miyazaki, 119 min, Xaponés, VOSE

Sophie sofre un terrible malfado que lle confire os aspectos dunha anciá. Decide pedir axuda ao mago Howl, que vive nun castelo ambulante, pero axiña descobre que Howl é quen realmente precisa axuda.

👉 Nomeado aos Oscar

👉 Viaxe sensorial / Fantasía



### MURMURIOS DO CORAZÓN

Yoshifumi Kondō, 111 min, Xaponés, VOSE

Unha moza estudante amante da lectura descobre que todos os libros que elixiu na biblioteca foron previamente solicitados por unha mesma persoa.

👉 Studio Ghibli / Amor pola lectura

## Aula e cinema




### UNHA RAZÓN BRILLANTE

Yvan Attal, 95 min, Francés, VOSE

Neïla Salah vive no extrarradio parisiño e soña con ser avogada. No seu primeiro día na facultade ten un enfrontamento co polémico profesor Mazard. Para redimirse, el prepárala para unha importante proba de oratoria.

- 🏆 Mellor Actriz Premios César
- 📌 Oratoria / Diversidade cultural / Modelos educativos

N!



### AS NOSAS DERROTAS

Jean-Gabriel Périot, 100 min, Francés, VOSE

Con que forzas contamos para afrontar o caos do presente? Périot responde o interrogante confrontando o alumnado dun instituto de secundaria con filmes de Maio do 68 e conversando sobre política, historia e presente.

- 🏆 Premio CICAE Berliño
- 📌 Maio do 68 / Política

N!



### UNO PARA TODOS

David Ilandain, 94 min, VO

Un profesor interino asume a tarefa de ser titor nun pequeno pobo afastado. Cando descobre que ten que reintegrar un alumno enfermo á aula atopa un problema maior: ningún dos compañeiros quere que volva a clase.

- 📌 Integración / Enfermidade

## Novo Cinema Galego




### O QUE ARDE

Oliver Laxe, 85 min, Galego, VO

Amador sae do cárcere tras cumprir condena por prenderlle lume ao monte e regresa á súa aldea dos Ancares. A convivencia coa súa anciá nai parece curar feridas até que un violento lume arrasa a zona.

- 🏆 Premio do Xurado Festival de Cannes
- 📌 Incendios forestais / Rural Galego / Serra dos Ancares



### EROSKI / PARAÍSO

Jorge Coira / Xesús Ron, 75 min, Galego, VO

Antonio e Eva coñécéronse na discoteca Paraíso en 1989. Agora están separados, levan anos sen verse e a discoteca na que se coñeceran transformouse nun supermercado Eroski.

- 📌 Rexistros lingüísticos / Transformacións sociais



### REBOIRAS. ACCIÓN E CORAZÓN

Alberte Mera, 62 min, VO

Hai agora 45 anos era asasinado en Ferrol Moncho Reboiras, última vítima mortal da ditadura franquista en Galicia. O documental reconstrúe o últimos días do militante antifranquista ao tempo que reconstrúe a súa vida e pensamento.

- 📌 Militancia antifascista / Historia de Galicia

## Adolescencias



### A (DES)EDUCACIÓN DE CAMERON POST

Desiree Akhavan, 90 min, Inglés, VOSE

Unha moza é obrigada pola súa familia a asistir a un centro de terapia de reorientación de mozos homosexuais.

- 📌 Homofobia

N!



### NUNCA, CASE NUNCA, ÁS VECES, SEMPRE

Eliza Hittman, 101 min, VOSE

Autumn é unha calada adolescente que traballa nun supermercado rural. Tras quedar accidentalmente embarazada reúne algo de diñeiro para viaxar coa súa curmá Skylar a Nova York para interromper o embarazo.

- 📌 Educación sexual / Sororidade

N!



### LAS NIÑAS

Pilar Palomero, 100 min, VO

Ano 1992. Celia, unha nena de 11 anos, vive coa súa nai e estuda nun colexio de monxas en Zaragoza. Brisa, unha nova compañeira recién chegada de Barcelona, empúrraa cara a unha nova etapa na súa vida: a adolescencia.

- 📌 Educación relixiosa / Crecemento



### AS VIDAS DE GRACE

Destin Cretton, 96 min, Inglés, VOSE

Grace é unha moza que traballa nun centro de acollida para adolescentes en situación de precariedade. Encántalle o su emprego pero, ao mesmo tempo, pesa sobre ela un pasado conflictivo e angustiante.

- 📌 Crecemento / Abusos

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9, baixo  
Santiago de Compostela  
T. 981 560 250 | www.numax.org  
escola@numax.org

🌐 numax.org/na-escola  
✉ escola@numax.org  
☎ 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)